

A rebelión do suxeito

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2008]). “A rebelión do suxeito”. *Protexa*: 9, 10.
Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1221>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2008). “A rebelión do suxeito”. *Protexa*: 9, 10.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Poesía D'Os *hemisferios* feito referente, a un libro que se dividía en dous. En *Cuarto de outono* e *Non son de aquí*, de María do Cebreiro, os textos abertos desmenten toda propiedade no uso da palabra

A rebelión do suxeito

Esperábase moito da poeta María do Cebreiro desde que en 1998 publicou o primeiro libro. As mellores expectativas sobardaron c'Os *hemisferios* (Galaxia, 2006), un título xa referente neste comezo do XXI. A autora soubo atopar no diálogo paradoxal a canle idónea para poñer algunha das súas grandes virtudes (a axilidade, a laboriosa espontaneidade do verso) ao servizo dunha crítica da comunicación. Malia que se conserven certos achados formais con respecto a ese unanimemente recoñecido poemario, *Cuarto de outono* (Sotelo Blanco, 2008) e *Non son de aquí* (Xerais, 2008) intensifican con maior subxectividade e novas ferramentas de comprensión a paraxe case conceptual que (*nós, as inadaptadas*) (Sociedad de Cultura Valle-Inclán, 2002) abría hai sete anos. Segundo declarou a propia autora no Diario Cultural da Radio Galega, as dúas novas entregas de 2008 integran nos inicios unha mesma obra que se escindiu. Pescudar os motivos de tal elección e recoñecer o que individualiza cada un dos tomos son procesos que ben poderían cobrar sentido en paralelo.

María do Cebreiro posúe trazos de estilo inconfundibles, aínda que o tempo enriqueceu un discurso que nacía xogando a contrastar o vasto repertorio cultural da autora con elementos próximos (unhas veces tirados da biografía persoal, outras da cultura non académica) ata configurar o que son, no noso ver, os temas primordiais da súa poesía: a identidade, o coñecemento e as relacións humanas, especialmente as amorosas. Ningún dos tres se desenvolve conforme ao guión herdado e regrado da lírica, especialmente da galega; habería que estudar con suficiente detemento a maneira en que a escritora compostelá medra confrontando armas –suavizadas por un humorismo que abala entre a tenrura e a causticidade– contra el.

DAS RELACIÓNS CONVENCIONAIS Á NON-PERTENZA

Coma nas parábolas derviches, a accesibilidade da poesía de María do Cebreiro é enganosa, por moito que evolucionase dosificando nomes e citas directas (literarias, políticas, filosóficas, etc.) ata procurar un texto onde conviven varios niveis de lectura, desde o inmediato –para o que apenas cómpre espellarse subxectivamente nas experiencias– ata o que esixe unha profunda bagaxe cultural. Se cadra por ese motivo un dos poucos poetas homenaxeados de xeito explícito en *Cuarto de outono* sexa Manuel Outeiriño, aínda que tematicamente teñan menos puntos en común.

Relatar o argumento de *Cuarto de outono* estaría ben no caso de tratarse dunha novela; pero non o é. A dificultade de comprensión final –se tal cousa exis-



te– dalgúns poemas de María do Cebreiro, incluso a diverxencia que podería haber entre dúas lectoras ao diagnosticaren arredor de que xira o libro (nós pensamos que apunta á deconstrución de certos códigos políticos nas relacións humanas, sempre co amor ao fondo, e en particular aquelas que someten a tensión o individuo e o colectivo nun espazo colonial) son outra vez síntoma de texto aberto. Prefírese a suxestión á descrición miúda, a conclusión ao programa filosófico, que con todo goberna o temón desde a sala de máquinas e encádrase –agora doadamente– no feminismo de progreso. Os enunciados gardan clara irmandade cos de *Non son de aquí*, pero no libro que publicou meses despois, cunha estrutura máis argumentativa, pártese do biográfico –vai dedicado ao seu avó paterno, morto poucos meses atrás– para cuestionar a identidade herdada, tanto do punto de vista familiar coma nacional, e propoñer alternativas que han de basearse nunha liberdade radical do suxeito: é o vento fronte á terra. Se *Cuarto de outono* sinala o carácter reaccionario das relacións convencionais, e por extensión da familia burguesa (célula da propiedade privada que denunciaron anarquistas da primeira Internacional e máis tarde as vangardas do feminismo), *Non son de aquí* critica as nocións de orixe e de pertenza desde o humanismo que clamara no 68 por un cambio drástico, tamén, nos afectos. As dúas obras chaman por unha “revolución sexual”, pola “liberación do amor”, mais a segunda delas insiste en deixar patente, canda a alexia manifesta contra as escrituras moralistas, que é o sentimento emocional de perda, a non-pertenza –a non posesión– o que permite entender o compromiso sartreano (*estamos condenados a ser libres*) alén da pura abstracción.

Porén, nada máis afastado do método de María do Cebreiro ca a rixidez que obriga unha recensión. Son os modos de expoñer cada tese, cada episodio habitado por personaxes onde se afirma a orixinalidade da autora, a súa poética



Babette making-up, 1928. // Man Ray

Quizais sobre todas as demais cousas Cebreiro escolleu unha poética que reclama a potencia da subxectividade como principio de rebeldía

inzada de prevención posmoderna contra o que vulga significantes baleiros e enormes. De aí que *Cuarto de outono* e *Non son de aquí* se sintan tan a gusto no paradoxo (“Perdemos o que é noso”, “Escoito a quen non fala”, “O confuso é o próximo”), na transgresión do racional (“As patacas de Irlanda/ non disparan ... As ovellas de Gales/ non disparan”, “Había tanto vento/ que perdín/ a memoria”) e na filtración metaliteraria (“O narrador dicía/ xa se lles pasará”, “Evoca/ se es capaz/ os teus pre-/ textos. Hache quedar tan/ lírico”, “Imprima este poema/ non o dobre”). A carón dalgunha peza brevísima na que o silencio desempeña con contundencia o seu papel amplificador, as máis convidan a outra lectura para darmos desentrañado as implicacións múltiples do referente. Na mesma medida, as marcas semánticas e sintácticas da parella causa-efecto nunca desembocan (se non é ironicamente) no tópico. A autora reivindica

a incoherencia da vida fronte á esterilidade daquilo que a suplanta, sexa a tradición, a mistificación ou a ortodoxia ideolóxica, e apela a unha relación horizontal con quen le. Así o advirten a contraportada de *Non son de aquí* (“Escribir poesía como se non houbera poesía. Falar como se todo o mundo tivese ese dereito”) e o paraepílogo de *Cuarto de outono* (“Este libro... tenta probar que non debería haber propiedade no uso da palabra”).

Quizais sobre todas as demais cousas a poeta sen apelidos María do Cebreiro escolleu unha poética que reclama a potencia da subxectividade como principio de rebeldía. Pensamos logo en Virginia Woolf, ou en Safo (as comunidades urbanas de lingua grega acollían tamén estamentos sociais que non se sentían aludidos, por diversas razóns, no modelo heroico). Escribe a autora: “Todo o ouro do mundo/ non vale o que a túa pel cerca da miña”. // **Xabier Cordal**